



ACONTECEMENTOS DO ANO

A redacción do *Anuario Brigantino* agradece a colaboración especial para este apartado dos corresponsais locais de *La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego*, *La Opinión*, *El Correo Gallego*, *Betanzos e a súa Comarca*, *El Metropolitano* e *Mariñán*.

5 de xaneiro de 2016

Celebrouse a tradicional Cabalgata dos Reis Magos de Oriente polas rúas da cidade. A organización correu por conta do Concello.

9 de xaneiro de 2016

Dentro do Programa de Nadal e organizado pola Asociación Cultural Santo Domingo *As Garelas* de Betanzos, en colaboración co Concello, celebrouse na Aula de Cultura Xulio Cuns un Festival Folclórico, no que participaron Os Sobrados de Bergondo, Airiños do Frade de Cabanas, Os Larpeiros de Altamira e a entidade organizadora.

10 de xaneiro de 2016

Dentro do Programa de actos do Nadal celebrouse na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns un concerto por conta do grupo musical Camerata Brigantina.

11 de xaneiro-16 de febreiro de 2016

Na Sala Jesús Núñez do Edificio Liceo puido verse a exposición «Camiño de Santiago. Como a vida» con obras do artista Jorge Pardo Ruzo.

13 de xaneiro de 2016

Dentro da campaña «Betanzos tan Cerca» o Concello, en colaboración coa Deputación da Coruña, puxo en funcionamento unha aplicación turística para dispositivos móbiles que ofrece información sobre a cidade, rutas, aloxamentos e temas de interese xeral.



Veiga

23 de xaneiro de 2016

No Museo das Mariñas, Felipe Senén López Gómez, como presidente dos Amigos dos Museos de Galicia, entregou a Alfredo Erias Martínez o Premio Pedra do Destino 2015 «pola súa constancia arredor de todo o que significa o centro que dirixe (Museo, Arquivo, Biblioteca e Anuario Brigantino), polo seu traballo de investigación e didáctico, así como pola recuperación da súa casa natal na aldea de Presedo, Camiño Inglés a Compostela, como incentivo cultural e turístico, e aínda máis pola recente publicación da súa tese sobre a «Iconografía das tres igrexas góticas de Betanzos».

29 de xaneiro de 2016

O Concello de Betanzos organizou, con motivo do Día Internacional da Paz e da Non Violencia, na Aula de Cultura Xulio Cuns, varios pases da proxección do filme de animación en galego «O Maimiño» para o alumnado dos centros de ensino de primaria de Betanzos.

Febreiro de 2016

Desenvolveuse ao longo deste mes na Aula de Cultura Xulio Cuns o «VII Encontro de Teatro Afeccionado de Betanzos», organizado pola *Agrupación Teatral Mariñán* e o Concello de Betanzos, que contou coas representacións seguintes: «Las esposas alegres de Windsor», interpretada pola compañía *El Ruiseñor* de Culleredo; «O pan de cada día», interpretada pola compañía *Teruca Bouza* de Mugardos; «Fuga», interpretada pola compañía *Gargallada Teatro* do Barco de Valdeorras



e «O de menos é o nome», interpretada pola compañía *Agrupación Teatral Mariñán* de Betanzos

Febreiro de 2016

Ao longo deste mes desenvolvéronse varios actos para conmemorar o aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, organizados polo Concello coa colaboración da Asociación Cultural Eiravella e os centros de ensino. Consistiron nun recitado de poemas na Aula de Cultura Xulio Cuns, e tamén música e humor coa participación de María Lado e Lucía Aldao; unha xincana literaria dramatizada denominada «Rosalía na voz da xente» por conta de Xandobela. Completáronse os actos coa exposición de ilustracións da betanceira Carmen Núñez, e unha exposición bibliográfica na Biblioteca Municipal Castelao máis a colocación de algún dos seus poemas nos balcóns dos principais edificios municipais.

5-10 de febreiro de 2016

Desenvolveuse ao longo destes días o programa de festexos do Antroido elaborado polo Concello, con bailes e festas infantís, e que rematou co Enterro da Sardiña.

13 de febreiro de 2016

Celebrouse no edificio do Matadoiro o III Encontro de Troco da Rede Galega de Sementes, no cal tamén houbo charlas, obradoiros e actuacións musicais.

19 de febreiro de 2016

O betanceiro Paulo Carlos López López acadou o doutorado en Ciencias da Comunicación coa lectura da súa tese «A constitución da axenda política, mediática e pública nas eleccións galegas do ano 2009: Estratexia partidaria, produción da información e cidadanía» na Universidade de Santiago.



19 de febreiro-7 de marzo de 2016

Na Sala de Exposicións «Xesús Núñez» do edificio Liceo puido contemplarse «10 anos de Roxín Roxal. Abrindo camiños, facendo país», organizada pola Asociación Cultural Roxín Roxal.

22 de febreiro de 2016

O deseñador betanceiro Jorge Vázquez acadou o Premio L'Oréal París á mellor colección na pasarela da Mercedes Benz Fashion Week Madrid.



<https://pana.facsmanite.com>

Febreiro de 2016

Amaia Tomé, betanceira e estudante de bacharelato no IES Francisco Aguiar, acadou o Premio Minerva de narrativa que convoca o Colexio Peleteiro de Santiago.



Veiga

Marzo de 2016

Celebrouse ao longo deste mes no edificio Liceo o V Ciclo de Conferencias do Anuario Brigantino, organizadas polo Concello de Betanzos e coordinadas por Alfredo Erias. Tiveron por título «Unha ollada ás Irmandades da Fala», da que se celebraba o centenario da súa creación. A primeira foi a titulada «A Irmandade da Fala de Betanzos 1917-1931» por conta do historiador Suso Torres. A segunda, «As Irmandades da Fala: dos seus desafíos idiomáticos e da percepción crítica da clase media, dos Precusores e da Real Academia Galega» por conta do presidente da Real Academia Galega, Xesús

Alonso Montero. A terceira, «As artes escénicas no programa irmandiño: un proxecto inclusivo» por conta do profesor e investigador Carlos Caetano Biscaíño. Rematouse o ciclo coa conferencia «As ideas sobre a lingua das Irmandades da Fala. Un proxecto pioneiro de planificación lingüística sobre o galego» por conta da profesora e investigadora Goretti Sanmartín Rei.

5 de marzo de 2016

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Unhas poucas picadelas» interpretada pola compañía Ningures Producción SL, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

6 de marzo de 2016

Na igrexa conventual de San Francisco, organizado polo Concello de Betanzos, tivo lugar un concerto da Orquesta Gaos, baixo a dirección de Fernando Briones, que contou coa participación do trombonista Esteban Méndez.

7 de marzo de 2016

Finou neste día José Luís López Sangil, gran medievalista de Galicia, a quen debemos numerosos estudos das fontes documentais desta época, algúns deles publicados no *Anuario Brigantino*, un monumental libro sobre o mosteiro de Monfero, ademais dunha bibliografía sobre ese tema que actualizaba constantemente e poñía a disposición de todos na web da Asociación de Estudos Históricos de Galicia, da que foi presidente. Da súa probada xenerosidade fala tamén o feito de que poñía a disposición de quen o necesitase a súa marabillosa biblioteca. Desde o *Anuario Brigantino*, lembrámolo con admiración e moito agarimo, e botarémolo de menos nas presentacións ás que case sempre acudía, sendo ademais o presentador do *AB 2006*.




11-18 de marzo de 2016

Con motivo do Día da Poesía, organizado polo Concello, tiveron lugar ao longo destes días nos centros educativos da cidade diversos obradoiros de iniciación á poesía por conta da escritora galega Diana Varela Puñal.

Marzo-Maio de 2016

Ao longo destes meses tivo lugar no Centro Pai Menni, e organizado polo Concello, o Obradoiro de teatro en galego para persoas con diversidade funcional por conta de La Quinta del Arte.



11 de marzo de 2016

Presentouse no Edificio Liceo o libro *La luna en el candil de la memoria* do escritor Carlos Penelas. No acto, o autor e a escritora Rocío Danussi donaron ao Museo das Mariñas unha xerra de viño levada no s. XIX a Bos Aires por emigrantes betanceiros.

12 de marzo de 2016

Tivo lugar a «XII Xuntanza de Labores Artesanais» organizada polo Concello de Betanzos e as Mulleres da Condesa, na cal participaron arredor de medio cento de asociacións con máis de catrocentas artesás de Galicia, Asturias, León e Zamora.



18-26 de marzo de 2016

Ao longo destes días desenvolvéronse os actos de Semana Santa, organizados pola Confraría de Semana Santa de Betanzos, que deron comezo coa lectura do pregón por parte de don Jesús Fernández González, bispo auxiliar de Santiago de Compostela. Contouse con actuacións musicais dentro do Ciclo de Música Sacra por conta do *Coro Cantabile*, Camerata Brigantina, a soprano Clara Jerihovschi, o tenor Pablo Carballido, o barítono Pedro Martínez, o pianista Gabriel López e o Trío Mandeo. Programáronse as procesións e os pasos seguintes: entrada de Xesús en Xerusalén coa Burriña; Vía Crucis e Santo Encontro con Xesús atado á columna, Xesús Nazareno de Medinaceli, Cristo da Misericordia ou dos Mareantes, Ecce Homo e Virxe Dolorosa; Santo Enterro con Cristo das Ánimas,

Santo Sepulcro, A Nosa Señora da Angustia e A Nosa Señora da Soidade e Procesión dos Caladiños cos pasos da Nosa Señora das Dores e da Santa Cruz; Procesión da Soidade con San Xoán Evanxelista e da Nosa Señora da Soidade. Nas procesións participaron as sopranos Victoria Álvarez e Cristina López, o tenor Pablo Carballido, a soprano Nuria Lemos, a Banda Municipal de Música de Betanzos, a Banda de Gaitas Zuncurrundullo de Castroverde (Lugo), a Agrupación Musical Virgen de la Amargura (Ferrol), Agrupación Musical Santísimo Cristo de la Buena Muerte (Ferrol), a Banda Acotaga (Ferrol) e a Banda de Música de Abegondo.

Abril de 2016

Na Biblioteca Municipal A. Castelao tivo lugar unha mostra bibliográfica dedicada á escritora Marilar Aleixandre.

2 de abril de 2016

A Asociación de veciños da Magdalena e a Condomiña entregou o «Cacahuete do Ano» ás propietarias de Pan Betanzos.

4-24 de abril de 2016

No Edificio Liceo tivo lugar a exposición «Semana Santa de Betanzos 2016» composta de fotografías que se presentaron ao concurso convocado para o efecto pola Confraría de Semana Santa de Betanzos, así como por fotos de diversos profesionais.

6-25 de abril de 2016

Na Sala de Exposicións Jesús Núñez do edificio Liceo tivo lugar a exposición fotográfica con obras de Roberto Amado titulada «Galicia-Cabo Verde. Unha Irmandade», organizada polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e o Concello de Betanzos.

5-22 de abril de 2016

Dentro do programa elaborado polo Concello para a celebración do Día internacional do libro e da lectura desenvóléronse, ao longo destes días, os Obradoiros de poesía e escrita creativa «Quen teme a poesía» por conta da poeta galega Antía Otero do colectivo Apiario. Tamén houbo sesión de contacontos pola narradora Raquel Queizás coa historia «Dulcinea ten moito que contar».



6 de abril de 2016

Na igrexa de San Francisco, organizado pola Unidade Pastoral de Betanzos, celebrouse un concerto benéfico en favor de Cáritas Interparroquial de Betanzos por conta do gran barítono italiano Leo Nucci, de fama mundial. Foi un acontecemento histórico para Betanzos. A igrexa estaba ategada e o éxito foi apoteósico. Previamente, o tenor fora recibido polo alcalde no Edificio Arquivo.

9 de abril de 2016

Celebrouse o IV Encontro de Escolas de Música Tradicional organizado polo Concello. Celebráronse pasarrúas e na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar unha actuación do alumnado da Escola Municipal de Folclore (EMuF) e a Banda de Gaitas e a Escola de Pandeiretas do Padroado da Cultura do Concello de Narón.

9 de abril de 2016

Commemorouse neste día o 75 aniversario do Colexio Nosa Señora do Carme de Betanzos con varios actos no centro educativo. Pola súa parte o Pleno da Corporación aprobou dedicarlle a rúa que dá acceso ao colexio desde a avenida de Castela ao fundador, Baltasar Pardal.

10 de abril de 2016

Sor Judith López Gordo foi galardoada co VI Premio Úrsula Meléndez de Texeda, organizado polo Concello de Betanzos. Valorouse a súa dedicación nas máis de tres décadas ao coidado das persoas do Centro Pai Menni.

22 de abril de 2016

Inaugurouse nas dependencias do Museo das Mariñas unha nova sala con pezas doadas polo avogado, profesor e escritor Rafael Seoane. Os fondos da mesma están compostos por máis de cincocentas pezas de gran valor arqueolóxico, como os dous torques de ouro e un de prata, ademais de brazaletes, tamén de ouro e prata, exvotos ibéricos e romanos, cerámica grega e ibérica, machados e unha punta de lanza da Idade do Bronce, etc. O acto de inauguración estivo presidido polo alcalde, Ramón García, con presenza de outras autoridades e do director do Museo, Alfredo Erias, que fixo un percorrido polo extraordinario legado e falou de Rafael Seoane, a quen se dedicou a sala e que sempre quixo que esta extraordinaria colección estivese definitivamente en Betanzos.



Arume



Arume




Arume

23 de abril de 2016

Dentro da campaña «Ler conta moito» da Xunta de Galicia e organizado polo Concello, celebrouse na Biblioteca Municipal A. Castela o espectáculo «Contos do marmeleiro, anís e limón», por conta de Marisa Irimia.

23 de abril de 2016

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «O Furancho» pola compañía Ibuprofeno Teatro, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.



Maio de 2016

Ao longo deste mes levouse a cabo o Programa de actos das Letras Galegas, organizado polo Concello, que este ano estivo dedicado a Manuel María. Para o seu desenvolvemento contou coa participación de diversas agrupacións culturais betanceiras, á parte das propias institucións municipais, como o Museo das Mariñas co mes de portas abertas ou unha exposición bibliográfica na Biblioteca Municipal Castela. Mario I. Gestal de 5.º de primaria do CPR Nosa Señora do Carme «Atocha» foi o gañador do Concurso de carteis das Letras Galegas.



Veiga

Maio de 2016

Neste mes comezaron as labores de derrubamento do edificio do antigo secadeiro do lúpulo.

1 de maio de 2016

Celebrouse o «Canto dos Maíos» polas prazas de Betanzos por conta de parte do alumnado da Escola Municipal de Folclore de Betanzos (EMuF) e do CEIP Francisco Vales Villamarín.

6-7 de maio de 2016

Celebráronse no Edificio Liceo as V Xornadas de formación e sensibilización sobre a atención á diversidade organizadas polo CEIP Francisco Vales Villamarín, o IES As Mariñas, o IES Francisco Aguiar, o CFR A Coruña, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a ANPA Brigantium, a ANPA As Mariñas, a ANPA O Carregal e o Concello de Betanzos.



César

8 de maio de 2016

As chuvias e as mareas altas fixeron que unha ampla zona colindante cos ríos sufrise inundacións.

9 de maio de 2016

Persoal de *Eroski Center de Betanzos*, co patrocinio de *Vegalsa-Eroski* e a colaboración de varias entidades do Concello de Betanzos, organizou unha «Andaina Solidaria» baixo o lema «Hoy caminamos por...Cruz Vermella»

12 de maio-12 de xuño de 2016

Na Sala de Exposicións Jesús Núñez do edificio Liceo tivo lugar a exposición sobre as Irmandades da Fala con motivo da conmemoración do seu centenario. A mostra foi organizada polo Concello con materiais do Arquivo Municipal e do Museo das Mariñas.

14 de maio de 2016

Na Biblioteca Municipal A. Castelao desenvolveuse o obradoiro creativo titulado *Coas mans na masa* por conta de OQO dentro da campaña *Ler conta moito* da Xunta de Galicia.

14 de maio de 2016

A Aula de Cultura Xulio Cuns acolleu o IV Desfile de moda do Comercio de Betanzos organizado pola Asoc. de Comerciantes e Empresarios de Betanzos.

15 de maio de 2016

Na igrexa de San Francisco tivo lugar un concerto da *Orquesta Gaos*, baixo a dirección de Fernando Briones, que contou coa participación do violinista francés David Grimal. A Organización correu a cargo do Concello.

16 de maio de 2016

No Pavillón Polideportivo Municipal do Carregal tivo lugar o espectáculo «O Poder do Arcabuz» da compañía de danza galega *Quique Peón Cía.*, organizado pola Deputación da Coruña dentro do Programa DAC-Estadías Colón 2016 e o Concello de Betanzos.

17 de maio de 2016

Na Sala Xulio Cuns tivo lugar o acto de entrega dos premios do VI Concurso de creación literaria. Os gañadores das distintas categorías foron: Inés López Couceiro, categoría xuvenil (Bacharelato), e Ángel Yáñez Cagiao en categoría Xuvenil (ESO). Os accésits foron para Amaia Tomé Tomé (Bacharelato) e Alejandro Yáñez Cagiao (ESO). Rematada a entrega de premios, tivo lugar o espectáculo «Carteiro en bicicleta» por conta de *Caxoto Contacontos*. O acto foi organizado polo Concello de Betanzos.

17 de maio de 2016

O betanceiro José Dopico presentou no veciño Concello de Paderne o libro «Chantada, a aldea da miña infancia» editado pola Deputación Provincial e o Concello de Paderne.

18 de maio de 2016

O director do Arquivo Municipal de Betanzos, Alfredo Erias (na compañía do alcalde, Ramón García) presentou no Edificio Liceo a páxina web do Arquivo Municipal (<http://archivomunicipal.betanzos.net/>) por medio da cal se amosa a súa organización e púxose en liña moita da súa documentación: actas capitulares, ordenanzas antigas, padróns de habitantes, Irmandades da Fala de Betanzos, etc.



21 de maio de 2016

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a presentación do traballo discográfico/CD titulado «Dos Ariños da Ribeira aos Mariñáns de Guisamo» do grupo «Untia, música tradicional», da Agrupación Instrumental da Escola Municipal de Folclore de Betanzos.

22 de maio de 2016

Na praza do Campo puido verse unha mostra itinerante sobre as Irmandades da Fala dentro do proxecto «Volta pola Irmandade». Como complemento da homenaxe realizouse o percorrido «Viqueira e as Irmandades». Os actos foron organizados pola Asociación Cultural Roxín Roxal e Ora Galega.

22 de maio de 2016

O betanceiro José Touceda Faraldo proclamouse Campión Galego de Pesca de Salmónidos de lance no río Liñares, na Estrada.

27 de maio de 2016

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar, organizada polo Concello, unha mostra de radio aberta ao público con motivo da clausura do Obradoiro de radio interxeracional.

28 de maio de 2016

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral «O principio de Arquímedes» interpretada pola compañía *Teatro do Atlántico*. Organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

28 de maio de 2016

Celebrouse nas instalacións da piscina municipal o «IV Reto Natación 24 horas». O obxectivo foi o de acadar alimentos para Cruz Vermella. Foi organizado por Viaqua e o Concello.

29 de maio de 2016

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar o concerto para público infantil «Todo me fala de ti. Magín e Uxía cantan a Manuel María». Organizado polo Concello de Betanzos dentro do *Programa Falaredes* da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

2 de xuño de 2016

Calzados Pepe Granero recibiu este día o Premio Traxectoria do Comercio Galego pola Federación Galega de Comercio. A familia rexenta este negocio desde 1911.

4 de xuño de 2016

Celebrouse o IV Trail Terras do Mandeo-Comercio de Betanzos, organizado pola asociación Campo IV e Acebe. Contou co apoio do Concello e coa participación de arredor de trescentos corredores.

4 de xuño de 2016

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Coma» por conta da compañía teatral afeccionada Hermanas Teatro de Mera de Oleiros, que contou coa colaboración do Concello de Betanzos.



César

Xuño de 2016

Alfredo Crespo Otero, estudante do IES As Mariñas, obtivo a nota media máis alta de toda Galicia nos exames de selectividade.

9 de xuño de 2016

Na igrexa conventual de San Francisco tivo lugar o concerto de fin de curso da Banda Sinfónica do Conservatorio Superior de Música da Coruña, que contou coas actuacións dos solistas Andrés Pandelo (trompeta) e Diego Camiños (clarinete). Foi organizado polo Conservatorio Superior de Música da Coruña coa colaboración do Concello de Betanzos.

10 de xuño de 2016

O Betanzos CF foi recibido polo alcalde, Ramón García, no edificio Liceo con motivo de proclamarse campión da ligar da Primeira Autonómica e tamén da Copa da Coruña no estadio de Riazor.



10 de xuño de 2016

Organizado polo Centro Pai Menni en colaboración co Concello, levouse a cabo a representación da obra «A familia feroz» por conta do grupo de teatro *As invencibles* como peche do curso do Obradoiro de teatro para persoas con diversidade funcional.

18 de xuño de 2016

A betanceira Mónica Granero gañou a III Maratón San Fermín de Pamplona en categoría feminina.

5-30 de xullo de 2016

Ao longo destes días puido contemplarse na Sala Jesús Núñez do edificio Liceo a «Exposición de radios antigas», de Francisco López Carreira.

8-10 de xullo de 2016

Celebrouse a XIX edición da Feira Franca, declarada de Interese Turístico de Galicia, que contou con diversas recreacións históricas realizadas por voluntarios e grupos teatrais: expulsión dos leprosos, tributo das cen doncelas, torneo medieval... A Feira comezou coa lectura do pregón a cargo do Profesor Titular de Universidade no Departamento de Pedagogía e Didáctica da Universidade de Santiago de Compostela, o betanceiro profesor titular de universidade no Departamento de Pedagogía e Didáctica da Universidade de Santiago de Compostela, Eduardo Xosé Fuentes Abeledo.

Pregón da XIX Feira Franca Medieval

Autoridades, veciños e veciñas desta cidade, visitantes e feirantes:

Como pregoeiro desta XIX Feira Franca Medieval, quero facer partícipes a todos os presentes e aos betanceiros e amantes de Betanzos espallados polo mundo adiante, da alegría por celebrar de novo este acontecemento que nos une e nos deleita. Coas miñas verbas desexo destacar o tesouro medieval que representa esta cidade, pero tamén a importancia de coñecelo, comprendelo, apreciálo, preserválo e mimalo. Con estas intencións compartirei con vós algunhas escenas e emocións da miña infancia en Betanzos na década dos sesenta do pasado século, e tamén coñecementos e reflexións posteriores sobre a nosa Idade Media.

De neno, eu escoitaba na casa e nas rúas betanceiras verbas e expresións como: Porta da Vila, Betanzos o Vello, Fonte de Unta, Ferreiros, Torre de Lanzós, O Campo, Rúa Nova, Santa María do Azougue, Danza dos Mariñeiros, e outras moitas palabras con resonancias medievais que sobreviviron, como xoias preciosas, na memoria colectiva dos betanceiros e das betanceiras.

Pero de pequeno eu non sabía que unha boa parte desas palabras, evocaban un pasado apaixonante de coñecer e comprender.



Moitos días da infancia, os amigos citabámonos para xogar no «Campo» (o antigo «Campo da Feira»), alá abaixo onde comeza esta rúa do Castro-, nun terreo no que, por concesión do rei Sancho IV, comezou a realizarse unha feira mensual nos tempos baixo-medievais. Outras veces quedabamos na «Porta da Vila» –a porta principal da muralla- situada fronte ao Campo da Feira, e subiamos ata chegar a esta praza que coroa e centra a cidade medieval; logo baixabamos pola empinada Rúa dos Ferreiros sempre en liña recta, ata desembocar no Arco da Ponte Nova e aventurarnos por territorios como o Peirao e o barrio da Ribeira, onde atopabamos embarcacións de madeira que navegaban tanto polas augas doces do Mandeo ou do Mendo como, sobre todo, polas salgadas da ría que hoxe nos evocan a vida dos membros do gremio dos mareantes, ou a dos comerciantes ao lembrar o porto de Betanzos, un dos principais da Galicia da Baixa Idade Media, nun tempo en que esta se abre ao mar e crecen as cidades en detrimento do campo.

Na nenez eu non era consciente de que por aqueles «Arcos» – da Ponte Nova, da Ponte Vella e da Ribeira ou do Cristo- pasaba a xente do medioevo, hai centos de anos, e que xunto coa muralla e a porta principal, constituían os límites dun conxunto urbano ben protexido para defenderse de posibles ataques -unha estupenda fortaleza nos tempos en que aínda non se usaba a pólvora-, e múltiples perigos permitindo, ademais, o control diario de transeúntes e mercadorías, que por algo as portas se pechaban ao anoitecer. Un núcleo urbano ao que o rei Enrique IV, en 1465, lle concedía o título de





Arume

cidade. Compréndese que os veciños de Betanzos, pouco despois, gravaran na Porta da Vila a lenda «esta cibdad es de las del rei» —que aínda podemos ler nun muro cerca do lugar que ocupaba a porta—. Esta frase afirmaba o carácter realengo da cidade, o que supoñía naqueles tempos unha maior liberdade potenciando o desenvolvemento comercial fronte aos intereses dos grandes señores feudais.

Xa mozo, fun aprendendo moitas outras cousas do pasado medieval betanceiro. Por exemplo, que a danza de mariñeiros, ou a de labregos, que nos abraiaban nas festas de agosto e nas que bailaban moitos amigos da adolescencia, foran creadas polos importantes gremios medievais da cidade, sendo considerado o dos xastres o máis antigo de Galicia. Por certo, a ver se nestes días de feira atopades os símbolos destes alfaiates, a teseira para cortar e a vara de medir, representados nas tres igrexas góticas betanceiras deste casco histórico. Esa presenza, e a dos símbolos doutros gremios nas pedras —destacan as dos mariñeiros— é evidencia do peso importante das asociacións gremiais no Betanzos medieval.

Volvendo a experiencias da miña nenez en Betanzos, lembro que algúns días, os amigos optabamos por rodar en bicicleta polas rúas concéntricas e chairas. Subir e baixar as costas pendentes do casco histórico, como supoño fariades todos vós para chegar a esta cima, a croa dun antigo castro, resulta exercicio esforzado. A min gustábame facer o circuito empezando desde a «Porta da Vila» e, tirando pola Rúa Travesa, determe ao chegar ao adro de Santa María do Azogue. Alí observaba a paixón con que os nenos do barrio xogaban ao fútbol. Eu tamén participaba, cando mo permitían, pois xogar en espazo privilexiado noutro barrio, non era cousa doada. A porta principal da igrexa facía de portaría. Menos mal que os cartos non chegaban entón para mercar duros balóns de coiro ao que dar patadas, porque as interesantes imaxes dos capiteis, tímpano e arquivoltas —nas que convidó a fixarse con atención no paseo por esta Feira— terminarían moito máis deterioradas.

Naqueles anos non estaba moi estendida a necesaria sensibilidade para respectar o patrimonio histórico e artístico. Por aqueles espazos maravillosos de Santa María e San Francisco, andaban tamén, abandonadas á súa sorte, pedras dalgúns sepulcros medievais de enorme valor histórico, como o de Afonso de Carballido, aquel «mercador» rico betanceiro do século XV quen, como «Alcalde de Irmandade», participara na violenta segunda guerra irmandiña, manifestación dunha mentalidade xusticieira, antifeudal e igualitaria. Os irmandiños, liberándose do medo colectivo, loitaron contra os abusos, espolios, ultraxes e atropelos dos grandes señores da época que intensificaran a explotación dos vasallos, como se rememora mañá nesta Feira.



Estas terras das Mariñas, dominadas pola poderosa familia dos Andrade, foi un dos escenarios destacados da revolta irmandiña, que algúns historiadores chegan a cualificar como a primeira gran revolución antifeudal de Europa con carácter burgués, anunciando a crise do mundo medieval e a orixe da modernidade. Un veciño de Betanzos, testemuña visual dos sucesos en 1467, describía nunha fermosa metáfora a revolta popular referíndose a como os vasallos (os «gorrións» insubmisos) expulsaban do reino os grandes señores feudais (os «falcóns» explotadores) polas inxustizas cometidas: «les oía dezir que los gorriones abían de correr tras los falcones». «Gorrións» liderados por xentes de Betanzos como Xoán Branco, notario e escribán, ou Alonso de Lanzós, fidalgo marxinado do poder e con torre e palacio a uns metros desta praza fronte á igrexa de Santiago, e «alcaldes de irmandade» como o citado Afonso de Carballido. A ampla participación social foi reflexo da alianza entre capas sociais e mesmo contou inicialmente con apoio do rei Enrique IV que lle deu carácter legal ao alzamento pregoándose a carta real de constitución da Irmandade nesta praza. No mesmo ano de 1467 este monarca, recoñecendo o protagonismo irmandiño de Betanzos, concede á cidade a celebración dunha «Feira Franca Anual» de trinta días de duración e que hoxe conmemoramos. Unha feira con grandes privilexios reais e que se desenvolveu con grande afluencia, moito trato e comercio, xuntándose mercadores de diferentes lugares.

Nunha das miñas escapadas de pequeno ata a igrexa de Santa María, tras o remate dun partido de fútbol no seu adro, entrei sen compañía, cal explorador atrevido, na igrexa conventual de San Francisco, moi preto tamén desta praza onde nos atopamos. Fixeime inmediatamente nunhas grandes figuras en pedra cerca da porta de entrada e quedei abraiado e fascinado. Lembrei que nun día de festa asistiría a un espectáculo con animais, entre eles un oso enorme que me chamou poderosamente a atención. Pois alí, naquel templo franciscano, aparecía representado un gran oso en granito, e outro animal do mesmo tamaño que me pareceu un xabarín. Tamén me fixei que no conxunto aparecían representados en relevo outros animais e homes, algúns montados a cabalo. Pregunteime que farían nese espazo, aqueles personaxes e aquelas feras e aves. Unha escaleira de madeira convida a elevarse, e animeime a subir por ela. Observei que na parte superior daquela peza en pedra labrada aparecía representado un home que levaba armadura, unha espada cunha estrela de seis puntas, e esporas. A vestimenta tiña certo parecido coas de personaxes dunha película dos tempos medievais que vira no antigo Cine Alfonso. Aquela figura aparecía cos ollos pechados e semellaba morto. Por que estaría alí, nun lugar sagrado, aquela escultura? Por que se representaban escenas que parecían de caza nos laterais daquela caixa de pedra?

Aquel conxunto que tanta impresión me causara pertencía ao monumento funerario de Fernán Pérez de Andrade «O Boo», un «señor da guerra», amosándose como un elixido da divindade, un «soldado de Deus», que moi probablemente gustaba das novelas de cabalaría pois encargara unha copia ao galego da «Crónica Troiana». Fernán Pérez, morrera no ano 1397 e o seu sepulcro representa un certo ideal cabaleiresco da época baixo unha concepción fortemente xerarquizada da sociedade. A caza servía aos cabaleiros de exercicio de preparación para a guerra nunha sociedade onde campaba a agresividade e a violencia nas relacións humanas. Pero a caza considerábase civilizada, unha oportunidade tamén para actuacións valentes vencendo as perigosas feras como os osos e xabaríns extendidos nos nosos bosques atlánticos naquela época; toda unha metáfora da vitoria do ben sobre o mal en defensa dunha determinada visión do mundo que encubraba os cabaleiros. Por outra parte, a pompa e a notoriedade de ritos funerarios, os lugares destacados de enterramento, os grandes sepulcros deseñados e labrados con coitado e outras representacións nas propias igrexas betanceiras eran manifestación da vontade dos privilexiados de seren recoñecidos despois da morte cos mesmos privilexios dos que gozaron en vida, fuxindo do anonimato dos cemiterios, máis cerca do paraíso soñado do que tanto falaban os frades producindo grande excitación e dirixindo a atención da xente a imaxes vivas e impactantes como as do tímpano da porta norte de Santa María do Azougue, ou as do arco de ingreso á ábsida de San Francisco, referíndose ao pecado e ás tentacións, á morte, ao xuízo final (moi representado co arcanxo San Miguel, pesando as almas), ao inferno e á gloria tan presentes na mentalidade medieval, sobre todo cando se espallaban a peste e outras enfermidades, a fame e a guerra. Algunhas escenas da expulsión dos leprosos que se representa no domingo nesta Feira son expresión desta mentalidade.

Todas estas cousas do mundo medieval, e moitas máis sobre ese tempo, sobre todo a alegría e o bulicio das feiras, podedes recrealas nun paseo polos espazos desta XIX Feira Franca Medieval.

Quero pregoar, con paixón, que Betanzos ofrécese, hospitalaria coma sempre, para o gozo dos sentidos, para o encontro cordial e o intercambio comercial. Pero tamén para fascinarsse cos seus monumentos, rúas e prazas, coa súa historia, lendas e mitos, e para reflexionar sobre pasado, presente e futuro.

Pensando nese futuro, quero anunciar tamén algúns desexos: que a rehabilitación integral deste fermoso casco histórico se faga realidade, e que nas súas rúas e prazas se desenvolva unha intensa vida social e comercial todo o ano, como sucedía nos tempos medievais e tamén cando eu era un neno e disfrutaba a cotío, con amigos e veciños, nestes queridos espazos, fermosos depositarios do tempo ido. Tamén que moitas marabillas do noso patrimonio histórico e artístico, como os fermosos capiteis do derrubado claustro do mosteiro de San Francisco de Betanzos ou a casa medieval da rúa da Cerca, a máis antiga que se conservaba na cidade, se recuperen para o deleite público e en defensa da memoria e da dignidade colectivas.

Desexo tamén que coa vosa presenza estes días de Feira Franca Medieval se alimenten as esperanzas de mellora para este casco histórico. Por iso quero preguntaros, a todos e todas, para que respondades, berrando ben alto: Compartides os desexos deste humilde pregoeiro?

Pois entón, «todas a unha», como proclamaban os antepasados irmandiños betanceiros co seu capitán á fronte. Todos e todas a procurar o ben común.

Que soen as nosas gaitas, que dancen os nosos bailaríns e que gocedes moito, como merecedes, nesta XIX Feira Franca Medieval Betanceira!

Eduardo Xosé Fuentes Abeledo

15-26 de xullo de 2016

Tivo lugar un Grupo de Traballo promovido pola directora Xeral de Xuventude, a betanceira Cecilia Vázquez, que levou a cabo labores de recuperación e limpeza da Fonte das Catro Estacións no Pasatempo.



17 de xullo de 2016

Nas prazas da Constitución e do Campo celebráronse as actuacións do *I Festival de Artes Escénicas na Rúa* organizado polo Concello de Betanzos.



18 de xullo ao 28 de agosto de 2016

Ao longo destes días as rúas de Betanzos acolleron as obras participantes na XV Bienal Balconadas, organizada polo Concello. O primeiro premio foi para o artista valenciano Pascual Jimeno Montalar coa súa obra «Camino hacia la playa». Os accésits foron para Lara Díaz Pintos e Francisco Javier Granados Centeno.



20 de xullo de 2016

A conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato, acompañada do director de Augas de Galicia, Roberto Rodríguez, foron recibidos polo alcalde e varios concelleiros para asinar o convenio de colaboración para mellorar a rede de abastecemento de auga potable do Concello.



20 de xullo de 2016

José Domingo Vales Villamarín Vía e o alcalde, Ramón García, asinaron un acordo de cesión para o Museo das Mariñas de varias medallas conmemorativas e un manuscrito da poetisa Sofía Casanova.



César

26-28 de xullo de 2016

Desenvolveuse ao longo destes días a XVI Semana Internacional do Cine de Betanzos, organizada pola Universidade da Coruña coa colaboración do Concello de Betanzos, a Secretaría de Medios da Xunta de Galicia, o CGAI, supermercados GADIS e o Corte Inglés. Este ano estivo dedicada á produtora, guionista e directora cinematográfica galega Zaza Ceballos, baixo o título «Zaza Ceballos, cinema de muller».



29 de xullo de 2016

O ilustrador e mestre betanceiro Xosé Tomás presentou na Librería Biblos o libro «Manual de Escola». No acto participaron Xoán Costa, editor da publicación e Fabricio Caivano.

29-31 de xullo de 2016

Celebrouse ao longo destes días o «V Festival BetanJazz», organizado polo Concello de Betanzos como homenaxe a Antonio Cal «Purriños». Na Praza da Constitución tiveron lugar os concertos dos grupos: *Grupo MG V Cuarteto*, *Grupo Roberto Somoza Trío e Radio Cos*.

4 de agosto de 2016

A vicepresidenta da Deputación da Coruña, Gorette Sanmartín, realizou unha visita institucional para coñecer os equipamentos culturais do Concello. Estivo acompañada polo Alcalde, Ramón García, e varios concelleiros.



dacoruna.gal



4-25 de agosto de 2016

Na Sala Jesús Núñez do edificio Liceo tivo lugar a exposición «San Roque patrón de Betanzos, VI centenario» realizada polo persoal do Arquivo Municipal.

6 de agosto de 2016

Organizada polo Concello celebrouse a xira «Caneiros en familia» co obxectivo de difundir e inculcar os valores tradicionais desta romaría.

6 de agosto de 2016

No Pasco da Tolerancia tivo lugar a «Noite de Djs», organizada pola OMX do Concello de Betanzos.

10 de agosto de 2016

O doutor Venancio Chantada, Xefe de Uroloxía do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña impartiu unha conferencia no edificio Liceo, dentro do ciclo organizado polo Rotary Club e o Concello.

12-31 de agosto de 2016

No edificio Liceo tivo lugar a exposición «Historia do ciclismo en Betanzos en fotografías», coordinada por José García Varela e realizada co apoio do Club Ciclista Betanzos e Btt Caimanes Betanzos e co patrocinio do Concello.

13 de agosto de 2014

Na igrexa de San Francisco celebrouse o tradicional *Concerto Cidade de Betanzos* coas actuacións da Agrupación Musical Carlos Seijo, Coral Polifónica de Betanzos e a Banda Municipal de Betanzos.

14 de agosto de 2016

Na praza da Constitución, o alcalde, D. Ramón García, coroou á raíña das festas, a moza brigantina Ángela Novo García. Seguidamente, desde o balcón da Casa Consistorial tivo lugar a lectura do pregón a cargo do director da «Vuelta a España», Javier Guillén. Este acto representou o comezo oficial das festas.



Pregón das Festas de San Roque

Betanceiros y Betanceiras, visitantes, amigos y amigas, de corazón os doy las gracias, muchas gracias, por invitarme a ser parte de este maravilloso pueblo en un día tan grande y tan especial como este, dentro de un año tan significativo, nada menos que cuando se cumplen 600 años de éstas, vuestras fiestas, las mejores fiestas del mundo.



Arume

Imagino que para los que no somos de Betanzos sería muy fácil decir que nos sentimos orgullosos de poder participar en vuestras fiestas. Que es un motivo de extrema alegría que os hayáis acordado de nosotros y que aquí, gracias a vuestra amabilidad y cariño, nos sentimos casi mejor que en nuestra propia casa.

Pero os aseguro que en mi caso es así.

Antes de seguir, quiero detenerme para agradecer al Ayuntamiento de Betanzos que haya querido que sea yo la persona encargada de dar el pregón este año.

Como Director General de la Vuelta a España me encuentro, sinceramente, encantado, no, encantadísimo, de que hayáis querido que yo pueda formar parte de unos días tan entrañables como estos en una comunidad que siempre me trata mucho mejor de lo que realmente merezco.

En mis innumerables encuentros con Galicia, por cierto, a mi siempre me parecen pocos, Betanzos siempre ha sido un sitio en el que he tenido la suerte de detenerme, y gracias a ello, es por lo que puedo afirmar, que tras varias visitas, no he conocido a nadie, y realmente os digo que no me extraña nada, que tenga un sola mala palabra para esta extraordinaria tierra.

Los que nacieron en Betanzos presumen de haberlo hecho y eso es motivo suficiente para sentirnos orgullosos. Betanzos destaca por su grandeza, por su historia, por su monumentalidad, en cada rincón de este pueblo está escrita la trascendencia de su paso por la historia, basta un recorrido por sus calles para saber de su importancia como una de las capitales que fue del Reino de Galicia. Recorrido que igualmente invita a la paz, al sosiego y a la tranquilidad, gracias por cuidar y conservar vuestra historia, por mimas vuestro municipio para deleite de propios y extraños, gracias por darnos



Arume



la oportunidad de conocer lo que es sin duda una de las joyas de Galicia, que es tanto como decir, una de las joyas de este mundo.

Por causa de la Vuelta a España son muchos los lugares que visito, muchos los pueblos que conozco y muchas las gentes que me encuentro. Debido a ello, creo saber bien de este país, una España que me encanta y me seduce, una nación llena de rincones, diversa en sus gentes y en sus territorios, llena de contrastes, pero un elemento común, el amor de cada vecino por sus raíces, por el sitio que le vio nacer y crecer. Y en esa pasión por sus orígenes, los Betanceiros sois porque así os lo ha dado vuestra cuna, los mejores embajadores de vuestro pueblo, si a alguien le habláis de Betanzos y de sus fiestas, quiere venir y cuando viene, no se quiere ir o siempre quiere repetir.

Y es que es aquí donde está el secreto de Betanzos, en vosotros. En todos y cada uno de los que habéis tenido el privilegio de nacer aquí y aunque algunos hayáis tenido que marcharos, me consta, que siempre que podéis, volvéis. Es el momento de dejar a un lado todas y cada una de las preocupaciones que tenemos para disfrutar, como todos os merecéis, de Betanzos y de sus fiestas.

Aquí hay mucho y bueno que ver, que comer y que beber. Si tuviera que recomendar a la gente que viniera a Betanzos no sabía cómo empezar.

Creo saber un poco de vuestro municipio, la excusa para venir, os confieso que en mi caso no fue la Vuelta, fue vuestra tortilla, pero una vez aquí, te das cuenta de que hay mucho que hacer y recorrer, lugares como vuestro casco histórico, sus calles, sus mágicas iglesia, el enigmático parque del pasatiempos, pero de todo lo que conozco, me quedo sin duda con el extraordinario ambiente que se respira en vuestra tierra y en especial en estas fiestas, las cuales no me son ajenas, en ellas se haya todo lo que es y quiere ser la Vuelta, alegría, color, convivencias y experiencias, también principios, valores y tradición, La Vuelta y Betanzos no solo se encuentran en la carretera, lo hacen mejor en la esencia de lo que son.

Y en esa esencia nos encontramos también con San Roque, santo peregrino, que protege vuestro pueblo, de la misma manera que protege a esos admirados peregrinos que son los ciclistas de La Vuelta, y que este año y en su camino hacia la meta, a 3.200 Km de su salida oficial, recalarán aquí, donde ahora nos encontramos.

Eso será el próximo 23 de agosto, como quien dice, ya mismo, y para ni como máximo responsable de la organización de la Vuelta, es todo un motivo de orgullo y emoción, el saber que la magia, la hospitalidad, la belleza y la calidad de vuestro pueblo y vuestras gentes, va a ser el anfitrión de una

carrera que es de todos, vuestra que por supuesto que también, una prueba que siempre quiere ser mejor, y para ello, es necesario estar con los mejores, y ahí, creo que como pueblo y como grupo, os aseguro, que no os gana nadie.

Desde aquí y en estas fiestas se lanza, con vocación de llegar a lo más alto, el globo de papel más grande del mundo, y así quiere ser nuestra etapa del día 23 de agosto, una etapa que saliendo de Betanzos, llegue a los más alto, como así hará al terminar en el mirador de Teixido, lugar donde se encuentran los acantilados más altos de la Europa continental, va a ser sin duda una de las etapas que mejor recuerdo y más belleza estética dejen en la retina de los más de 360 millones de espectadores que siguen La Vuelta cada año.

Ahora toca pasarlo bien, yo con cariño y con toda humildad, os sugiero que lo hagáis como lo que sois, y como sois generosos, hacerlo con generosidad, y como sois alegres, hacerlo con alegría y como sois y estáis orgullosos de vuestro pueblo, hacerlo con el orgullo de sentirnos y de estar en Betanzos.

Queridos amigos y amigas, Betanzos se escribe con B, con B de bondad, de bienestar y bienvenida de la misma forma que la Vuelta se escribe con V, V de vecindad, de vitalidad y de venir, venir a Betanzos, que eso es lo que hay que hacer, venir aquí, venir a convivir, reír y disfrutar, por mi parte os deseo lo mejor y desde lo más profundo de mi corazón me despido gritando lo que ya todo el mundo siente:

¡Vivan Las Fiestas de San Roque! ¡Viva Betanzos! ¡Muchísimas gracias!

14 de agosto de 2016

Fíxose entrega dos premios Garelos 2014: En Educación e Cultura, ao ilustrador e mestre betanceiro, Xosé Tomás; en Deporte, para o Clube Kwon Betanzos; en Industria, Comercio e Creatividade, ao establecemento Docería Rábade. Entregouse un Garelo Especial ao Grupo de Baile Azogue.



Arume

15 de agosto de 2014

Na praza da Constitución tivo lugar o acto de coroamento da raíña infantil das festas, a fermosa rapaciña Laura Buide Gilsanz, que recibiu a coroa de mans do alcalde, D. Ramón García. Seguidamente, o mozo Alonso Martín Encinas deu lectura ao pregón infantil.



Arume



Función do Voto (16 de agosto)

Señor San Roque:

Tal día coma hoxe, hai 600 anos, o noso Concello proclamou patrón tutelar de Betanzos e fixo voto de celebrar perpetuamente unha función relixiosa o día da túa festa.

Segundo a fonte máis antiga, a *Acta breviora*, e outras obras, naciches en Montpellier arredor de 1300, ficaches orfo e vendiches a herdanza de teus pais para darlla aos pobres e peregrinos que ían a Roma. En Toscana, en Acquapendente,

serviches no hospital aos apestados e lograches curacións milagrosas. Continuaches atendendo aos doentes en Rimini e Piacenda, e contaxiátesche, nesta última cidade, motivo polo que te retiraches a un bosque. Entre as árbores recibías cada día a visita dun can que che levaba un pan na boca. Curado polos coidados do dono do can ou pola lambadura deste nas feridas, marchaches a Montpellier, e fuches prendido no norte de Italia, en Anguera, acusado de espía. Alí morriches no cárcere entre 1376 e 1379, aínda que outra versión di que finaches en Montpellier e que os teus restos se trasladaron a Arles.

Canonizado quizais no Concilio de Constanza no ano 1414, os dominicos estenderon o teu culto como intercesor contra a peste e todo tipo de epidemias, sendo un dos santos máis populares do mundo cristián.

O tempo pasou mais o teu exemplo segue vivo entre nós e moitas persoas seguen dedicando a súa vida aos pobres e aos doentes en todo o mundo, un mundo que continúa a estar envolto en tebras. Por iso a túa lembranza e a túa presenza é hoxe un modelo de comportamento necesario para todos e todas, especialmente para a xente dos países ricos que, por non perde ningún dos seus privilexios, é quen de volverlle as costas a milleiros de persoas que foxen aterrorizadas da pobreza, de guerra e da barbarie de todo tipo.

Como é posible que na Europa milenaria e próspera, na Europa modelo de cultura para o mundo, se pechen fronteiras, se poña aramio de espiño por todas partes e se deixe ao outro lado nais e nenos, vellos e pais que só queren unha pequena oportunidade para vivir, un pouco de humildade? Axúdanos, pois, Señor San Roque a non perder esa humanidade que nos diferencia das feras e a facer de Europa un lugar de acollida e de futuro como o foron outras partes do mundo cando nós tivemos que fuxir.

E para Galicia, para As Mariñas e para Betanzos, prégoche, coma sempre, que nos axudes a construír un futuro de certezas positivas e de esperanza. Pídoche por todos e todas, especialmente



polos máis necesitados, sexa cal sexa a súa condición social e sexa cal sexa a causa da súa doenza e da súa tristura. Implóroche polos nosos emigrantes que un día coma hoxe teñen o seu corazón morriñento. Pídoche polo mundo do traballo nun marco de cambios tecnolóxicos demasiado rápidos para ser asumidos pola sociedade. E prégoche moi especialmente pola nosa xente moza para que o seu camiño se vexa claro e luminoso e poida construír unha vida digna, un futuro, unha esperanza.

Señor San Roque, os betanceiros e as betanceiras continuaremos estando aquí o ano que vén e os séculos que veñen para agradecerche a túa permanente axuda, o teu exemplo, e para pedirche que sigas a iluminarnos o camiño como o fixeches ao longo destes 600 anos.

O noso voto de gratitude é perpetuo.

16 de agosto de 2014

O Globo de San Roque, que realizou a familia Pita, iniciou un ano máis a súa viaxe cara ao ceo brigantino diante de numeroso público. Nesta ocasión voou ata As Pontes.

18 e 25 de agosto de 2014

Como é tradicional foron moitas as lanchas engalanadas que subiron río arriba polo Mandeo ata o campo dos Caneiros, para o que se contou cun amplo dispositivo de seguridade.

19 de agosto de 2016

Tiveron lugar ao longo destes meses as distintas actuacións do Festival Brigamusic, organizado polo Concello de Betanzos, coa participación dos grupos North West, Los inesperados, Luga, Pablo Martín.



23 de agosto de 2016

A praza do Campo de Betanzos foi o punto de saída da cuarta etapa da Volta Ciclista a España que congregou a numeroso público que se achegou para ver este acontecemento histórico na cidade. Chamaba a atención, ademais dos ciclistas máis coñecidos como Contador, Quintana ou Froome, a infraestrutura montada na Praza do Campo.



Arume

27 de agosto ao 11 de setembro de 2016

Na Sala Jesús Núñez do edificio Liceo puido contemplarse a exposición titulada «Plumillas», do artista Eduardo Tejerina.



masters.abloque.com

3 de setembro de 2016

Javier de la Fuente, corredor do Club Ciclista Betanzos, acadou o Campionato de España master 50 de estrada, na proba celebrada na localidade de Reinosa.



Arume



10-11 de setembro de 2016

Celebrouse na praza do Campo unha nova edición de MercaBetanzos, o mercado das oportunidades do comercio local. Foi organizado pola Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos en colaboración co Concello.

10 de setembro de 2016

Na praza da Constitución tivo lugar o concerto do grupo Hércules Brass Quinteto de Metais dentro do programa «Galicia Cultural» da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

Setembro de 2016

Os concellos de Abegondo, Coirós, Paderne e Betanzos comezaron neste mes o obradoiro de emprego «Integración Social e Coidado á Dependencia» no que participaron vinte persoas desempregadas.

13-25 de setembro de 2016

Na Sala Jesús Núñez do edificio Liceo puido contemplarse a exposición titulada «XII Premio de creación fotográfica Luis Ksado», organizada pola Deputación da Coruña.

Anuario Brigantino 2016, n. 39



Arume

17 de setembro de 2016

Como vén sendo habitual, os/as betanceiros/as que cumpriron 50 anos xuntáronse para celebralo.



Arume

17-18 de setembro de 2016

Na praza do Campo celebrouse a IV edición da Mostra de Viños e Produtos das Mariñas no que participaron cinco adegas con viño da indicación xeográfica protexida «Viño da Terra de Betanzos» e unha vintena de produtores. O evento foi organizado pola Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos e o Concello, que contaron coa colaboración de «Iniciativa Xove» e a Xunta de Galicia.

17 e 25 de setembro de 2016

Desenvolveuse nestes días a V Semana de Custodia do Territorio organizada pola Fundación Fragas do Mandeo e pola Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas Betanzos coa colaboración de outras asociación e colectivos. O programa incluíu conferencias, actividades de voluntariado e unha eco-regata para a mellora dos espazos naturais da Reserva da Biosfera.

28 de setembro ao 10 de outubro de 2016

Na Sala de Jesús Núñez do edificio Liceo tivo lugar a exposición titulada «O que hai que facer para non ir ao mar. Unha viaxe a través do teatro galego», da que é autor Iago Vázquez Mosteiro.



Arume

30 de setembro de 2016

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a presentación do *Anuario Brigantino 2015* n. 38. O acto estivo presidido polo alcalde, Ramón García, a quen acompañaba a concelleira de cultura, María Barral e o director da publicación, Alfredo Erias. A presentación correu por conta do profesor e investigador betanceiro, Xesús Torres Regueiro.

Outubro de 2016

Na Biblioteca Municipal de Betanzos «A. Castelao» puido verse a mostra bibliográfica sobre a vida e obra de Agustín Fernández Paz.

3-5 de outubro de 2016

Desenvolveuse no edificio Liceo o XII Festival Internacional de Títeres Consorcio As Mariñas (Galicieques 2016), no que participaron os seguintes grupos: *Tres Tigres Teatro* (Argentina), *Víctor Biau* (México) e *Tárbol Teatro de Títeres* (Perú).

6 de outubro de 2016

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar un concerto do grupo *Fado IIII* (Guimaraes, Portugal), dentro das actividades do «Encuentro Internacional de Música de Pulso y Púa en Galicia 2016» que organizou a Asociación Cultural *Pórtico das Artes*, coa colaboración do Concello.

Outubro de 2016

O Concello asinou no edificio Liceo convenios de colaboración con dezaoito asociacións e entidades deportivas e culturais do Concello.

Outubro de 2016

Iago Codesido Centoira, alumno do IES Francisco Aguiar e natural de Abegondo, foi galardoado co Premio Extraordinario de Bacharelato que concede a Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.



laopintoncomunae

5 de outubro de 2016

Tivo lugar unha xornada dedicada á prevención de incendios na que participou o alumnado dos colexios da cidade. Esta foi unha iniciativa apoiada pola Deputación Provincial e impulsada por MAPFRE e a Asociación Profesional de Técnicos de Bombeiros. Foi presentada polo presidente da Deputación, Valentín González Formoso, e o alcalde, Ramón García.

7 de outubro de 2016

No edificio Liceo proxectouse a longametraxe documental «O que hai que facer para non ir ao mar. Unha viaxe a través do teatro galego». Paralelamente realizouse unha exposición fotográfica sobre a historia do teatro galego.

Outubro de 2016

Rematáronse as obras de mellora do recinto feiral de Bellavista.

7 de outubro de 2016

No Cine Alfonso tivo lugar o «II Certame de Monólogos Cómicos de Betanzos» organizado pola OMIX do Concello de Betanzos. Miguel Sincero acadou o primeiro premio e Mario Horro, o segundo e o premio do público.



Arume

7-16 de outubro de 2016

Ao longo destes días celebrouse a VI Semana da Tortilla de Betanzos, organizada polo Concello e na que participaron vinteseis establecementos. O evento contou coa colaboración da casa de refrescos Coca-Cola quen premiou aos escollidos entre os participantes na votación. O premio á mellor tortilla recaeu no *Mesón O Progreso*. Este ano, por primeira vez, outorgouse un premio por votación popular que foi para *Taberna 1931*.

9 de outubro de 2016


Persoal de *Eroski Center de Betanzos*, co patrocinio de *Vegalsa-Eroski* e a colaboración de varias entidades e do Concello de Betanzos, organizou unha «Andaina Solidaria» baixo o lema «Hoxe camiñamos por...salud mental».

15 de outubro de 2016

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Foucellas» interpretada pola compañía *Talía Teatro*, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

21-22 de outubro de 2016

Celebrouse o V Memorial Carlos López García-Picos, organizado polo Concello de Betanzos. Con este motivo tivo lugar un concerto do Dúo de clarinete e piano «Saavedra-Ares», con obras, algunhas delas, estreas



absolutas do autor betanceiro. No edificio Liceo tivo lugar a presentación do libro titulado *Carlos López-García Picos. Música a orillas del Atlántico* do que é autor Javier Ares Espiño.

29 de outubro de 2016

Na igrexa de Santa María do Azogue tivo lugar un concerto da Orquesta Gaos, baixo a dirección de Fernando Briones, que contou coa participación dos solistas Daniel Vlashi (violín) e Millán Abeledo (violonchelo). Foi organizado pola Deputación en colaboración co Concello de Betanzos.

Novembro-décembro de 2016


Ao longo destes meses na Biblioteca Municipal de Betanzos A. Castelao tivo lugar unha Mostra bibliográfica sobre o autor de libros infantís Charles Perrault.

4 de novembro de 2016

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar un concerto do Grupo de Zanfoñas da Tradescola, organizado pola Asociación Cultural Roxín Roxal.

5 de novembro de 2016

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Noiteboa» interpretada pola compañía *Redrum Producciones*, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.



11 de novembro de 2016

No edificio Liceo tivo lugar a presentación do disco «Travesía» e do libro titulado «Preludios Atlánticos. Ensayos sobre música y comunicación», do músico e investigador betanceiro Javier Ares Yebra.

18 de decembro de 2016

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar o espectáculo Máxico Nadal organizado por *Danzarte Betanzos SC*.



24 de novembro de 2016

Un club de taekwondo da cidade de Muju en Corea do Sur realizou en Betanzos unha exhibición. Os seus membros foron recibidos polo Alcalde, Ramón García e polo concelleiro de deportes, Andrés Hermida no edificio Liceo.

25 de novembro de 2016

Na Aula de Cultura Xulio Cuns do edificio Liceo tivo lugar, dentro do programa DAC Outono Cultural da Deputación da Coruña, a Gala das Irmandades da Fala coa presenza de artistas como O Mago Teto, Caxade, Mónica de Nut+Ánxela Blanco, Os Quinquilláns, Luís Iglesias e Xavier Deibe, xunto co Grupo Azogue da Escola Municipal de Focllore de Betanzos.

26 de novembro de 2016

No cine Alfonsetti tivo lugar a representación teatral do «Espírito Burlón» interpretada polo grupo de teatro eumés DCTQ, organizada pola Asociación Cultural Roxín Roxal.

Décembro de 2016

En todo este mes e parte de xaneiro de 2017 desenvolveuse o programa de Festexos de Nadal, organizado polo Concello, que contou coa colaboración de diferentes asociacións e



colectivos da cidade. O programa editado foi ilustrado cun debuxo de Nuria Beiro Oldán, do IES Francisco Aguiar, que resultou gañadora do concurso de carteis de Nadal do Concello.

Decembro de 2016

Neste mes veuse celebrando o VIII ciclo de Teatro en Familia, incluído na programación de Nadal do Concello dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC. As obras representadas foron: «Luppo» pola compañía *Baobab Teatro*, «Feo!» pola compañía *Caramuxo Teatro*, «O poder de Amabel» pola compañía *Pérez&Fernández* e «O último dragón» interpretada pola compañía *Sarabela Teatro*.

2-18 de decembro de 2016

Na Sala Jesús Núñez do edificio Liceo tivo lugar a exposición de fotografía realizada polo alumnado do IES Francisco Aguiar titulada «Betanzos histórico. Así éramos, así somos».

3 de decembro de 2016

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Don Quixote, unha comedia gastronómica» interpretada pola compañía *Limiar Teatro*, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.



5-11 de decembro de 2016

Ao longo destes días desenvolveuse a Semana do Pincho, organizada polo Concello en colaboración cos hostaleiros. Nela participaron 23 establecementos, e o petisco da Taberna 1931 foi o escollido.

10 de decembro de 2016

Na Igrexa de San Domingos tivo lugar un concerto da *Orquesta de Niños de la Sinfónica de Galicia (ONSG)*. Foi organizado pola Orquesta Sinfónica de Galicia coa colaboración da Unidad Pastoral de Betanzos e do Concello de Betanzos.

11-21 de decembro de 2016

Ao longo destes días desenvóléronse nos centros educativos da cidade diversos concertos, obradoiros e espectáculos nos que participaron o *Quinteto Rubato*, *Teatro del Andamio*, *As Driadas*, *Grupo de Metais Santa Cecilia*, *Les Croquettes*, grupo Valentín García Rodríguez e dos magos Javier Muro, Martín Camiña, Román e Rafa, organizados dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña.

13 de decembro de 2016

Dentro dos actos de Nadal puido visitarse a partir deste día o belén móbil que dirixe D. Manuel López Castro, situado no segundo andar do edificio Liceo.



16 de decembro de 2016

Celebrouse na Aula de Cultura Xulio Cuns unha sesión dun Pleno Infantil, organizado polo Concello de Betanzos en colaboración con UNICEF e os centros educativos.

16 de decembro de 2016

No Cine Alfonso Setti tivo lugar unha actuación de música e tradicións da Asociación Cultural *Bolboreta Fiandeira*, organizada pola Asociación Cultural *Roxín Roxal*.

20 de decembro de 2016

A partir deste día puido visitarse na Sala Jesús Núñez do edificio Liceo a exposición e mercado de bordados artesanais realizados polo Centro Ocupacional Pai Menni de Betanzos.

22 de decembro de 2016

Na Aula de Cultura Xulio Cuns do edificio Liceo celebrouse a I Gala do Deporte, organizada polo Concello, na que se recoñeceron varios deportistas e entidades locais destacadas no ano 2016.

22-30 de decembro de 2016

No edificio do Antigo Matadoiro tivo lugar *CREATAS, I Feira de arte independente*, organizada polos colectivos *arTeu* e *La Madriguera*, que contaron coa colaboración do Concello de Betanzos.



21 de decembro de 2016

A empresa *Viaqua de Galicia* fixo entrega ao Concello de Betanzos dunha partida de xoguetes destinada a nenos e nenas de familias necesitadas dentro dunha campaña que ten coma finalidade que «ningún neno se quede sen o seu regalo nestas festas de Nadal e Reis». Recibiron a doazón o alcalde, Ramón García Vázquez, a concelleira de Servizos Sociais, María Barral, e voluntariado de Cruz Vermella.

NORMAS DE PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS DO ANUARIO BRIGANTINO

Tema

O *Anuario Brigantino* é una revista de investigación nos campos da Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Historia da Literatura e Antropoloxía, podendo admitir excepcionalmente outros, segundo o criterio do Comité Científico.

Publicación

Os orixinais deberán ser inéditos. Oportunamente e diante de traballos de especial interese, o Comité Científico poderá contemplar a publicación de traducións, a reedición de traballos raros e/ou antigos, así como edicións corrixidas e/ou aumentadas de traballos publicados fóra da revista.

Formato e soporte

Os orixinais presentaranse a través dunha copia en papel Din-A4 e outra en soporte informático (Word ou procesadores similares). Cando sexa preciso tamén se poderá utilizar o correo electrónico. As direccións respectivas son: Anuario Brigantino, rúa Emilio Romay, 1, 15300 Betanzos, A Coruña, España.

Extensión e ilustracións

Unha vez maquetado co estilo propio do *Anuario Brigantino*, aconséllase que o traballo non supere as 25 páxinas, se ben o Comité Científico poderá establecer as excepcións que considere oportunas. Canto ás ilustracións, o *Anuario Brigantino* caracterízase por favorecer a súa utilización sen máis atrancos que a coherencia co texto e o sentido común canto ao seu número, aspectos que quedan a criterio do Comité Científico, o mesmo que o emprego de cor ou branco e negro.

Idioma

A redacción poderá entregarse en galego ou castelán, se ben, excepcionalmente e sempre a criterio do Comité Científico, poderá utilizarse outro idioma.

Autor-Autores

Engadirase a dirección completa do/a autor/a ou autores/as, incluídos teléfonos e correo electrónico, así como a institución onde presten os seus servizos, se fose o caso, e o cargo que ocupan. Engadirase, así mesmo, nota biográfica do autor ou autores, que non exceda de 5 liñas maquetadas.

Sumario e Abstract

Os orixinais deberán acompañarse dun sumario ou resumo na lingua do traballo e outro (*abstract*)

en inglés, que non deben exceder, cada un, das 10 liñas maquetadas.

Texto

Empregarase a *cursiva* para aquelas palabras que se utilicen como denominacións técnicas ou sexan alleas á lingua na que se redacta o orixinal.

Utilizaranse as comiñas « ... » para as citas textuais breves (inferiores a 50 palabras); as demais irán en parágrafo á parte e sangradas na marxe esquerda sen entrecomiñar.

As aspás simples ' ... ' resérvanse para encerrar significados.

As supresións de texto nas citas indicaranse mediante tres puntos entre corchetes [...].

As intervencións do autor nas citas tamén se farán entre corchetes.

Citas bibliográficas

Aceptaranse dous sistemas, separados ou mixtos.

A) Na medida do posible, farase un uso preferente do sistema de referencias parentéticas, información que se complementará coa bibliografía do final do texto. Entre paréntese sitúase o apelido (ou apelidos, se se considera) do/a autor/a ou autores/as, con minúscula e sen a inicial do nome propio, seguido por coma, espazo e ano de publicación. Se é preciso, despois de dous puntos, iría o número de páxina (se se sinala a primeira e a última, sepáranse por un guión). Se se trata dunha obra en varios volumes, antepoñerase o número do que corresponda ao da páxina, separados por coma. Se o envío non é a unha páxina senón a unha columna, un documento, etc. incluírase antes da cifra a abreviatura correspondente. Exemplos: (Míguez, 2000), (García Bellido, 1943: 21), (Pastoureau, 1988: 261-316), (Meijide, 1988: doc. 2, 38).

Cando no mesmo ano hai dúas ou máis publicacións dun mesmo autor ás que hai que referirse, colócase detrás do ano unha letra para identificalas: (Monteagudo, 2000a)

Cando se inclúe o nome do autor no texto, entre parénteseponse só o ano e, se procede, as páxinas. Exemplo: Como indicou Barreiro Fernández (1984: 51)...

Se hai máis dun autor, inclúense todos ata tres, separados por comas, e se hai máisponse só o primeiro seguido de *et al.*

B) As tradicionais chamadas ou notas no corpo do texto indicaranse mediante números voados. Neste caso, as citas bibliográficas numeradas a pé de páxina seguirán as normas expostas no apartado de Bibliografía.

Bibliografía

A BIBLIOGRAFÍA sitúase ao remate do traballo, seguirá unha orde alfabética por apelidos e, dentro do mesmo autor, por orde cronolóxica. Teranse en conta as consideracións seguintes: 1) os/as autores/as españois e hispanoamericanos ordénanse polo primeiro apelido e cando é idéntico, polo segundo; se este tamén se repite, polo nome. 2) os/as anglosaxóns/nas, rusos/as e portugueses/as, polo 2. apelido, o paterno: KEYNES, John Maynard; PAWLOV, Ivan Petrovich; CAETANO, Marcello Jose Neves Alves...

Se se trata dun **libro**, indícase o nome do/a autor/a (APELIDOS, nome completo ou só coa inicial), ano de publicación (entre paréntese seguido por dous puntos), *Título do libro en cursiva*. Editorial (Colección se é pertinente) e cidade. P. ex.: CHAMPEAUX, Gérard de, STERCKX, Dom Sébastien (1989): *Introducción a los símbolos*. Ediciones Encuentro (Colección *Europa Románica*, v. 7.), Madrid.

Se se trata da **edición dun texto** indícase o nome do/a editor/a (es/as) (APELIDOS, nome), seguido da expresión (ed(s).), ano de publicación, *Título da obra en cursivas*. Cidade: Editorial (Colección se é pertinente). P. ex.: TROMBETTI BUDRIESI, Laura (ed.) (2000): Federico II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*. Bari: Laterza (Collana di Fonti e Studi, 10). E inclúese unha entrada adicional baixo o nome do autor da obra: FEDERICO II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*, ed. Laura Trombetti Budriesi. Bari: Laterza (2000) (Collana di Fonti e Studi, 10).

Se se trata dunha **achega nunha obra colectiva**, indícase o nome do autor (APELIDOS, nome) (ano de publicación): «título da achega

entremiñada», autor/a (es/as) da obra colectiva (se é preciso, mención ed., coord., dir., etc.), *Título da obra colectiva en cursivas*. Editorial (Colección), cidade: páxinas. P. ex.: FRADEJAS RUEDA, José Manuel (2000): «Una traducción al castellano de Pero Menino ¿desconocida?». Andrew M. Beresford y Alan Deyermund (eds.), *Proceedings of the Ninth Colloquium*. Londres: Department of Hispanic Studies - Queen Mary and Westfield College, (Papers of the Medieval Hispanic Research Seminar, 26): 31-41.

Se se trata dun **artigo nunha revista**, indícase o nome do/a autor/a (APELIDOS, nome) (ano de publicación): «título do artigo». *Título da revista en cursivas*, tomo en cifras arábicas, páxinas: MORALES MUÑIZ, María Dolores Carmen (1998): «Los animales en el mundo medieval cristiano-occidental: actitud y mentalidad». *Espacio, Tiempo y Forma*, Serie III, Historia Medieval, 11: 307-29.

Se se citan varios libros, traballos, etc. dun/ha autor/a, pónense APELIDOS, nome e debaixo, reservando tres espazos á marxe, indícase o ano de publicación da obra, diferenciando coas letras, a, b, c, etc., os traballos publicados por un/ha autor/a nun mesmo ano:

GARCÍA BELLIDO, A.

(1943a): «Algunos problemas de arte y cronología ibéricos». *Archivo Español de Arqueología*, XV: 78-108.

Documentos electrónicos en liña, exemplo: <<http://hemeroteca.betanzos.net>> [Consulta: 30 maio 2010].

Corrección de probas

Correrá a cargo dos/as autores/as, que deberán efectualas no prazo máximo dunha semana a partir da recepción.





ESTE *ANUARIO BRIGANTINO* 2016, N. 39
REMAHOUSE DE IMPRENTAR
NO PRELO DE LUGAMI EN
BETANZOS O 25 DE
XULLO DE 2017



Celestino Poza pintando no Pazo de Mariñán en abril de 2007.
Foto e composición de Alfredo Erias. *In memoriam*.